

DECLARADA DE INTERÉS TURÍSTICO DE GALICIA



www.semanasanta.betanzos.net

BETANZOS
SEMANA SANTA 2026

PATROCINAN:



//ABANCA

Asociación
de Hostelería
de Betanzos



TABERNAS GALLEGAS
GARELOS DE MADRID



IX CICLO DE MÚSICA SACRA



SÁBADO 28 DE MARZO

NA IGREXA DE SAN DOMINGOS, ás **20:00 h**: Concerto

PREGÓN DE SEMANA SANTA

Pregoeiro: **Francisco Javier Formigo Coucelro** (médico de familia)
Pte. da Real e Insigne Cofradía de Nuestra Señora del Rosario de Santiago.

CORAL POLIFÓNICA DE BETANZOS

Director: *Manuel López Castro*

DOMINGO 29 DE MARZO

NA IGREXA DE SAN FRANCISCO, ás **20:30 h**: Concerto

CORO CANTABILE e GRUPO DE CÁMARA

Director: *Pablo Carballido*

Pablo Ares, barítono | Wara Pecka, soprano | Raquel Cernadas, mezzosoprano

LUNS 30 DE MARZO

NA IGREXA DE SAN FRANCISCO, ás **20:30 h**: Concerto

CAMERATA BRIGANTINA A FOLIA: VARIACIÓNS SOBRE UNHA PAIXÓN

Director: *Florian Vlashi*

ACTOS POSTERIORES

LUNS 6 DE ABRIL

às 12:00 h na Capela da Magdalena:

Misa da Magdalena



Clamo a voces polo Señor, cara ao Señor eu suplico (Salmo 141).

Era sábado. Caía a tarde do 3 de outubro de 1226 cando Francisco de Asís coa voz entrecortada recitaba este salmo. Sabía que a irmá morte corporal viría a recibilo unha vez pechados os ollos, esa mesma que lle daría a plenitude e a vida eterna. Co gallo do 800 aniversario do tránsito do *Poverello* esta Semana Santa as palabras do salmista deben resoar nos nosos corazóns. Aquel a quen a vida lle dera bens efémeros, como riquezas, fama e honra, deixouno todo xunto coa herdade que lle ía outorgar o seu pai



para facerse en todo a Cristo. Francisco, pobre e humilde entra no ceo, pero non sen antes saborear os estigmas da paixón do Señor. Con el iníciase unha nova etapa na vida da igrexa e con seu contemporáneo Domingo de Guzmán recuperarán a pedagogía da oración e da contemplación a través das imaxes.

Herdeiros de esta tradición tamén as imaxes das igrexas de Betanzos non só saen as rúas para percorrelas como un itinerario xa aprendido senón que a súa misión é a de recordarnos os misterios centrais da nosa fe: a paixón, a morte e resurrección de Cristo Xesús que antes celebraremos na Sagrada Liturxia. Sen esta última, o demais non tería sentido de ser e de existir. Por iso, un ano máis, ao igual que Francisco que abrazou en San Damián a cruz do Señor sexa para nos tempo de recollemento e de piedade, tempo de oración e meditación, tempo de conversión e de gracia.



DOMINGO DE RAMOS, 29 marzo

Domingo de Ramos na Paixón do Señor, cando o noso señor Xesucristo, como indica a profecía de Zacarías, entrou en Xerusalén sentado sobre un asno de borrica e ao seu encontro saíu a multitude con ramos de oliveiras.

09:00 h Misa na igrexa das Madres Agostiñas.

11:00 h Beizón de ramos no adro da igrexa de San Domingos e procesión ata a igrexa de San Francisco.

12:00 h Misa solemne de Domingo de Ramos na igrexa de San Francisco. Finalizada a Santa Misa, regreso da procesión ata o templo de San Domingos.

N.B. Acompañará a procesión a *Banda de Música de Abegondo* e a *Banda Municipal de Música de Betanzos*.

19:30 h Misa na igrexa de San Domingos.





Martes 31 de marzo

na igrexa de San Domingos

Ás 19:00 h celebración penitencial con confesións e misa.

Mércores 1 de abril

na igrexa das Madres Agostiñas

Ás 19:30 h Misa.

A las 20:00 h Procesión **VIA CRUCIS**, polo centro histórico, desde a igrexa das Angustias ata a igrexa de Santa María do Azogue.

N.B. Acompañará a procesión a sección de percusión da *Agrupación musical Virxe da Amargura de Ferrol*.



XOVES SANTO, 2 de abril

Coa Misa da Cea do Señor evocamos aquela cea na cal o Señor Xesús, na noite en que ía ser entregado, e logo de amar aos seus que estaban no mundo, ofreceulle a Deus Pai o seu Corpo e o seu Sangue baixo as especies do pan e do viño e llelos entregou aos apóstolos para que os sumisen, mandándolles que eles e os seus sucesores no sacerdocio tamén o ofrecesen.

CELEBRACIÓNS:

MISA DA CEA DO SEÑOR

16:30 h: Residencia García Irmáns

18:00 h: Igrexa das Madres Agostiñas

19:00 h: Igrexa de San Domingos

HORA SANTA

22:00 h: Igrexa das Madres Agostiñas

23:30 h: Igrexa de San Domingos



PROCESIÓNS:

Ás 21:30 horas: **PROCESIÓN DO SANTO ENCONTRO**

Desde a igrexa de Santa María:

† *Paso de Xesús atado á columna*

† *Paso de Xesús Nazareno de Medinaceli*

Desde a igrexa de San Francisco

† *Paso do Ecce Homo*

† *Paso do Calvario*

Desde a igrexa de Santiago

† *Paso da Virxe Dolorosa*





Na praza da Constitución:

CERIMONIA DO SANTO ENCONTRO

No adro de Santa María:

CERIMONIA DE DESPEDIDA

N.B. Participarán a soprano *Clara Jelihovschi Panas*
e o pianista *David Jelihovschi*

Acompañarán a procesión a *Banda de gaitas e tambores Zucurrundullo de Castroverde* (Lugo), a *Banda de Gaitas Agarimo de Ferrol*, a *Banda de Música de Abegondo* e a *Grupo de Gaiteiros das Mariñas*.



VENRES SANTO, 3 de abril

A Igrexa, meditando sobre a Paixón do seu Señor e esposo e adorando a Cruz, conmemora o seu propio nacemento e a súa misión de estender a toda a humanidade os seus fecundos efectos, que hoxe celebra, dando grazas por tan inefable don, e intercede pola salvación de todo o mundo.

CELEBRACIÓNS:

VIA CRUCIS

12:00 h: Na igrexa de San Domingos

CELEBRACIÓN DA MORTE DO SEÑOR

15:30 h: Residencia García Irmáns

17:00 h: Igrexa das Madres Agostiñas

17:00 h: Igrexa de San Domingos



PROCESIÓNS:

19:30 horas: **SANTO ENTERRO**

Sairá da igrexa de San Domingos cos pasos do *Cristo das Ánimas*, a *Nosa Señora da Angustia*, o *Santo Sepulcro* e a *Nosa Señora da Soidade*

N.B. Acompañarán a procesión a *Agrupación musical Virxe da Amargura* e a *Banda das Angustias*, ambas de Ferrol.

22:30 h: **OS CALADIÑOS**

Sairá da igrexa de San Francisco cos pasos da *Santa Cruz* e da *Nosa Señora das Dores*

N.B. Acompañará esta procesión a *Agrupación musical Virxe da Amargura*, de Ferrol.

N.B. En ambas as procesións participarán a soprano *Clara Jelihovschi Panas* e o pianista *David Jelihovschi*.





SÁBADO SANTO, 4 de abril

Durante o sábado santo a Igrexa permanece xunto ao sepulcro do Señor, meditando a súa paixón e morte, o seu descenso aos infernos, e abstense absolutamente do sacrificio da misa.

Segundo unha antiquísima tradición, esta é unha noite de vela na honra do Señor e da vixilia que ten lugar nesta, e conmemórase a noite santa na que o Señor resucitou, debe considerarse como “a nai de todas as santas vixilias” (Santo Agostiño). Durante a vixilia, a Igrexa agarda a resurrección do Señor. Esta vixilia é figura da Pascua auténtica de Cristo, da noite da verdadeira liberación, na cal “rotas as cadeas da morte, Cristo ascende vitorioso do abismo”.

VIXILIA PASCUAL:

19:00 h: Residencia García Irmáns

21:00 h: Igrexa das Madres Agostiñas

21:30 h: Igrexa de San Domingos





DOMINGO DE PASCUA, 5 de abril

Este é o día en que actuou o Señor, a solemnidade da solemnidade e a nosa Pascua: a resurrección do noso Salvador Xesucristo segundo a carne.

CELEBRACIÓNS DA MISA DE PASCUA

09:00 h: Igrexa das Madres Agostiñas

10:00 h: Igrexa da Nosa Señora dos Remedios

12:30 h: Igrexa de San Domingos

18:30 h: Igrexa de San Francisco

19:30 h: Igrexa de San Domingos



*Feliz Pascua
de Resurrección*

PATROCINAN:

ZoJo

JOYERÍA DANIEL



DECORACIONES
ESPIÑEIRA



APARTAMENTOS
MIRADOR
DE LA MURALLA



MARIANO
CREMATÓRIO | TANATORIO



*Cofradía de
Semana Santa
de Betanzos*



CONCELLO DE
BETANZOS



XUNTA
DE GALICIA

